

Especial

Festa da faba 23

Lourenzá

Programación da XXXI FESTA DA FABBA de Lourenzá

A programación da XXXI Festa da Faba de Lourenzá, que se celebrará desde o día 29 deste mes ata o 1 de outubro, inclúe como novidade o Faba Fest.

Será o venres pola noite no Campo dos Bolos e contará coa actuación do Grupo Beatriz e dos DJ's Pedro Brmudz e Litainer, con entrada gratuíta. Ademais, o programa inclúe outras actuacións musicais, degustacións e venda de fabas, exposicións e demostracións de artesáns, showcooking, cata de viño, tren turístico, concentración de vehículos clásicos e outras actividades.

Os actos empezarán o venres 29 ás 19 h cun pasarrúas da Fanfarria Furruxa, que tamén actuará no Claustro do Mosteiro ás 21 h. Ese día haberá ademais unha cata comentada de viño a cargo da adega Tapias Mariñán, da Denominación de Orixe Monterrei. E a partir das 22:30 h no Campo dos Bolos, xunto ao mosteiro, terá lugar o Faba Fest, no que actuarán o Grupo Beatriz co seu espectáculo The Pink Tour, ademais dos DJs Pedro Bermudz e Litainer.

O sábado 30 ás 11 h abriranse as casetas dos fabeiros e o stand institucional do Concello de Moeche, na Praza do Conde Santo. Tamén haberá demostracións e exposición de artesáns en varias prazas e rúas da vila, feira exposición de automoción e vehículos agrícolas na Praza Linares Rivas e no Campo dos Bolos, e a novena edición da Vespafaba & Clásicos, concentración de scooters e motos clásicas na rúa Fernández del Riego. Á mesma hora, a Banda de Música de Lourenzá ofrecerá un pasarrúas e ás doce do mediodía na praza do Conde Santo terá lugar a lectura do pregón que deu Francisco Fernández del Riego en 1998, a cargo de Xulio Leal, actor do grupo Avelaiña Teatro, de Pontevedra. No mesmo lugar ás 12:30 h haberá un showcooking do cociñeiro Álex Iglesias, do programa da TVG Tupper Club. Ás 13:30 h as actividades trasládanse ao Campo dos Bolos, onde terá lugar unha sesión vermú coa orquestra Principal e degustación popular da Faba de Lourenzá e viños da adega Tapias Mariñán, de Monterrei.

Pola tarde, a partir das 16:30, celebrarase a XIII carreira popular Val das Fabas e ás 19 h no claustro do mosteiro actuará o grupo Sons de Celeiro. E a partir das 22:30 h no Campo dos Bolos haberá verbena coa orquestra Principal e concerto do cantante laurentino Jonydasvie.

E o domingo 1 de outubro ás 8:30 h abrirase no mercado comarcal o mercado de faba ao por maior e ás 10 h as casetas dos fabeiros na praza do Conde Santo. A partir das 11 h terá lugar a concentración de coches clásicos da IX Vespafaba & Clásicos na rúa Fernández del Riego e pasarrúas da charanga Louband. Ás doce do mediodía o dúo Bellón Maceiras actuará no claustro do mosteiro e ás 12:30 h na praza do Conde Santo haberá un showcooking a cargo do cociñeiro Álex Iglesias,



do programa da TVG Tupper Club. Ás 13 h volverá o pasarrúas da charanga Louband e media hora despois no Campo dos Bolos terá lugar unha sesión vermú co trío Kalima e degustación popular da faba de Lourenzá e de viños da adega Tapias Mariñán. As actividades rematarán ás 18:30 h no claustro do mosteiro cun festival folclórico no que actuarán a asociación cultural Osorio Gutiérrez e Cantigas e Agarimos.

Durante os tres días do evento os bares da vila servirán tapas elaboradas con fabas de Lourenzá e nas xornadas do sábado e o domingo un tren turístico levará a veciños e visitantes a percorrer a Ruta das Fabas.

Castillo San Damián
Discosta Norte S.L.
[WWW.DISCOSTA.COM](http://www.discosta.com)



Rocío López

«A faba é, xunto co noso patrimonio,
o selo de identidade da nosa vila»

Rocío López García (Lourenzá, 1983) é licenciada en Administración e Dirección de Empresas. Xa no 2011 encabezou a candidatura do PSdeG-PSOE á alcaldía obtendo 4 concelleiros. Depois de dúas maiorías absolutas, 2015 e 2019, este ano volveu ser elixida alcaldesa de Lourenzá.

É alcaldesa desde o 2015, que valoración fai de todos estes anos como rexedora?

É unha experiencia moi positiva na que disfruto día a día co meu traballo como rexedora. Gustame estar coa xente, escoitar os seus problemas e as necesidades que teñen e, na medida do posible, poder darlles solución. Sentir o agradecemento da xente é o máis gratificante para un alcalde. Foron 8 anos intensos, nos que demos prioridade á mellora das infraestruturas e dos servizos. O investimento na mellora de estradas foi a maior da historia ao longo de todos estes anos. Consequimos ter un campo de herba artificial, un local multiusos, levar internet a todas as parroquias, construír depósitos para incendios... e todo un longo etcétera de cousas que nos permitiron mellorar a calidade de vida e facer que o rural sexa un lugar atractivo para vivir.

Que proxectos ten para o futuro de Lourenzá?

Temos moitos proxectos en mente pero sen lugar a dúbidas un dos prioritarios é buscar unha solución ao deterioro do Mosteiro de San Salvador. Estamos traballando conxuntamente con outros organismos na busca de posibles vías de financiamento que permitan levar a cabo a súa rehabilitación. Tamén seguiremos traballando na mellora dos servizos públicos tanto no casco urbano como nas parroquias. A instalación de novos puntos de alumeadado público e a ampliación da rede de saneamento serán outra das prioridades desta lexislatura.

Unha das principais problemáticas de Lourenzá é o avellentamento da poboación. Que iniciativas se levaron a cabo para fixala?

O envellecemento da poboación é un problema conxunto que temos todos os concellos do rural. Nese sentido, debemos estudar e aplicar medidas que fomenten a natalidade e que axuden as familias a conciliar a vida familiar coa laboral. Este ano puxemos en marcha, en colaboración coa Anpa o servizo de madrugadores no colexio e tamén, como en anos anteriores, tivemos un campamento nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Ambos son dous servizos moi necesarios, que tiveron moi boa acollida entre as familias e que facilitan a conciliación e, dun xeito indirecto, fomentan tamén a natalidade.

Que balance fai do verán laurentino a nivel turístico?

Foi un verán repleto de xente, dos mellores dos últimos anos. Foron moitos os visitantes que se achegaron a Lourenzá a gozar do noso patrimonio e da nosa gastronomía. Ademais, somos principio e final de etapa do Camiño Norte e iso nótase, xa que a presenza de peregrinos aumenta cada ano. A todo isto hai que sumarlle outro factor: o norte estivo de moda este verán e a xente viña escapando da calor e buscando novas experiencias.

En outubro chega unha cita moi importante para o concello como é a Festa da Faba. Ademais, este ano co Faba Fest...

A Festa da Faba é un dos eventos máis importantes para Lourenzá. Cada ano son máis os visitantes que se achegan para desfrutar desta cita gastronómica. Desde hai uns anos contamos coa presenza dun tren turístico que fai un percorrido polo val de Lourenzá e nel o visitante pode ver as terras nas que se cultiva a faba. É unha experiencia única. Ademais, a faba é xunto co noso patrimonio o selo de identidade da nosa vila. Este ano contamos con novidades na programación, entre elas o Faba Fest, un concerto para a xuventude do grupo Beatriz que terá lugar o venres. Pero un dos momentos máis emotivos da festa terá lugar o sábado co concerto do artista local Jonydasvie. Conozco a Jonathan desde pequeno, é todo un exemplo de esforzo e superación, estou segura que o vai facer moi ben.

Que importancia tivo o ano Francisco Fernández del Riego para o municipio?

Está sendo un ano moi importante e moi intenso en actividades culturais. Lourenzá foi o epicentro e a capitalidade da cultura no día das Letras Galegas e iso deunos moita proxección e situounos aínda máis no mapa. A estas alturas do ano xa a ninguén se lle escapa que Del Riego era de Lourenzá, todo o mundo o sabe. Foron moitas as xentes que se acercaron a Lourenzá a participar nas distintas actividades que impulsamos desde a Mesa Coordinadora Don Paco e tamén moitos os que viñeron o día 17 de maio a Lourenzá. Como non podía ser doutro xeito, Del Riego será o pregoiro desta XXXI edición da Festa da Faba. O actor Xulio Leal será o encargado de poñer voz ao pregón que Don Paco deu na Festa da Faba do ano 1998. Don Paco tiña que ser o protagonista da Faba este ano.



Organiza



Patrocinan



Colaboran



JAVIER HUERTAS,

presidente da Asociación de Comerciantes,
Industriais e Autónomos de Lourenzá. ACIAL:

«O balance de vendas foi moi positivo neste verán»



Primeiro foi asociado e despois presidente, que significa ACIAL para vostede?

ACIAL para min significa moito, significa que a vila non debe morrer e que debemos manter o pequeno comercio que temos. Na ACIAL comecei primeiro como empresario, fun vogal da asociación, tamén fun secretario e, desde hai aproximadamente dez anos, son presidente. É unha das facetas que máis me ilusiona porque o que se fai polo concello a min éncheme moito. Ademais da presidencia de ACIAL, tamén me metín na política, como tenente de alcalde do Concello, que é un pouco completar o círculo porque se traballa por un obxectivo común.

Entendo que foi por iso que deu o paso de entrar tanto na asociación como na política, non?

No caso da ACIAL foi un pouco polo desgaste das directivas anteriores, a xente vai cansando e os compañeiros empezan a insistir con que sexas presidente. Para o mes que vén temos unha assemblea onde se vai proceder á renovación da directiva e se hai xente que se presente, quizais eu me vaia. Son moitos anos xa á fronte e tamén é interesante que veña outra xente con ideas novas. A política é un tema totalmente distinto, polo menos no meu caso. Creo que é unha cousa que che ten que gustar, sen mirar moito o tempo que lle dedicas... se vas só para figurar, é recomendable que non se presente ninguén. Se entras é para traballar polo teu municipio e o día que canses ou que a xente non te vote, hai que saber apartarse.

Que valoración fai de todo este tempo ao mando da patronal?

Valóroo positivamente, pero evidentemente tivemos unha decadencia xa que cada vez queda menos comercio. Houbo unha época na que contabamos con empresas importantes como Muebles Hermida e, cando marcharon, aquí quedou moito desemprego. Iso afectoulle moito ao comercio, nós viviamos directamente de todos os postos de traballo que daban estas grandes empresas. Isto fixo que nos reinventáramos, non nos acomodamos no que tiñamos: ampliación de negocios, vendas online, redes sociais etc. Aínda así, o comercio local é difícil de manter pola grande competencia que ten, para nós é imposible manter os prezos que teñen as grandes cadeas. É certo que, tras a pandemia, valoráronse máis algúns factores como o trato persoal que che ofrece o local. Por exemplo, este verán foi magnífico, cun tempo marabilloso no que a xente gastou máis en ocio. Agora tamén vén a tempada da volta ao colexio e despois sufriremos unha pequena caída ata a Festa da Faba. Con este evento, moi importante para a vila, o comercio sae moi beneficiado porque se hai faba, se hai bo tempo e se se vende a un prezo razoable, eses cartos acaban repercutindo outra vez no concello. É todo unha cadea que vemos ano tras ano.

Que campañas ou proxectos están por vir?

Á espera do que pase tamén nesta próxima assemblea, decidiranse que campañas desenvolvemos. Pero as que facemos todos os anos son o mercado de Nadal, a campaña do Black Friday e, xa no 2024, o evento máis importante sería o Entroido, para o que máis traballamos durante todo o ano.

Que balance fai da tempada estival?

Foi un verán con moita actividade en Vilanova, dos anos en que máis xente tivemos. Tamén axudou o clima, que foi excepcional, e moita xente do sur chega buscando este tempo. Relacionado con isto, moita xente está a comprar aquí vivenda e, desde o Concello tamén intentamos traballar para facer ver que Lourenzá é un bo lugar para vivir. O balance de vendas foi moi positivo.





JOSÉ CUADRADO,

presidente da Cooperativa Terras da Mariña
e presidente do Consello Regulador IXP
Faba de Lourenzá:

«Non hai alimento que non maride
ben coa nosa faba»



A Festa da Faba chega á súa XXXI edición, que significa este evento para o municipio?

A Festa da Faba para nós é o escaparate máis importante que temos durante o ano. É unha grande oportunidade para presentar os nosos produtos e poñelos a disposición de toda esa xente que nos vén visitar.

Cal é a diferenza entre a faba de Lourenzá e a cultivada noutros lugares?

A Faba de Lourenzá é o noso produto estrela e para nós é a mellor faba do mundo. Ao comela, case non se nota a pel, a textura é diferente e, sobre todo, ten unha gran capacidade de absorción do sabor do produto que a acompaña. Se a fas con chourizo, vai saber a chourizo, se a cociñas con ameixas, saberá a ameixas... Non coñecemos ningún alimento que non maride ben coa nosa faba.

Que variedades se cultivan na nosa comarca?

As principais variedades son a faba branca e a verdina. A faba branca é a que está amparada pola IXP Faba de Lourenzá, que abarca a toda A Mariña lucense. A verdina é unha faba totalmente diferente, que vai moi ben con peixes e mariscos e por iso tamén se lle chama a faba do marisco. Tamén temos outras variedades como a faba de caldo, a faba mandilín, a faba fresca...

Cales son os retos que tedes por diante?

O reto máis importante é conseguir profesionalizar o sector. Que se convirta na actividade económica principal de moitas familias. Antigamente, non deixaba de ser unha actividade complementaria doutros oficios, a xente cultivaba e vendía os seus excedentes. O que pretendemos é que a xente poida vivir unicamente da faba e iso pasa por profesionalizar o sector, facernos fortes, facer unha boa promoción e intentar colocar a faba neses nichos de mercado onde realmente merece estar, achegándolle ese valor engadido que repercute nas explotacións dos agricultores.

Un dos principais problemas ao que vos enfrontades é o do relevo xeracional, non?


Efectivamente, temos un serio problema de relevo xeracional, a maioría dos agricultores teñen unha media de idade bastante avanzada e vemos como cada ano se xubila máis xente e non hai a mesma proporción de incorporacións. Ano tras ano o número de hectáreas de produción diminúe así como o número de quilos que saen ao mercado. Non hai unha continuidade no sector e é algo preocupante.

Ademais da faba, que outros produtos comercializan?

A través da cooperativa tamén comercializamos outros produtos de horta xa que vimos a necesidade de diversificar para ser competitivos no mercado. Abrimos o abano a outros produtos, por un lado, para satisfacer as necesidades dos nosos clientes e, por outro banda, para favorecer a rotación de cultivos nas terras. Así, cultivamos e comercializamos grelos, rabizas, cebolas, xudías, repolos, leitugas, patacas etc. A verdade é que temos un microclima especial e unhas condicións dos terreos que fan que poidamos cultivar todos estes produtos de alta calidade.

Como está a ser a produción este ano?

A verdade é que estamos bastantes pesimistas, pois foi un ano malo canto á colleita. Vai haber aproximadamente un 40-50% menos de produción, a cantidade vaise ver considerablemente reducida; aínda que a calidade das poucas que chegarán ao mercado seguirá a ser espectacular. Iso débese ao tempo seco que vivimos este verán, xa que houbo terreos nos que non caeu nin unha gota de auga. E as choivas do último mes chegaron moi a destempo, algo que acabou por estragar as poucas que había. Hai moitas fincas que case non van cubrir os custos de produción.



www.muebleshuertas.es



**VILLAPOL, S/N (CTRA. CAZOLGA)**
27760 LOURENZÁ (LUGO)**982 121 543**
637 055 163